



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Bases reguladoras para a matriculación do campus lingüístico “Verán Máis Alá 2026”

ANUNCIO

Asunto: Bases reguladoras para a matriculación do campus lingüístico “Verán Máis Alá 2026”.

Por Resolución de Alcaldía núm. 489, do 22 de abril de 2026 aprobáronse as seguintes *Bases reguladoras para a matriculación do campus lingüístico “Verán Máis Alá 2026”*:

1. OBXECTO

Estas bases teñen como obxecto regular a matriculación das persoas interesadas en participar no campus lingüístico “Verán Máis Alá 2026”

2. PROGRAMA

“Verán Máis Alá 2026” é un campus lingüístico para facilitar unha alternativa de lecer educativo, na nosa lingua, á vez que promove a conciliación da vida familiar e laboral das familias do noso concello.

Vai dirixido ao alumnado escolarizado en educación infantil e primaria, nado entre os anos 2014 e 2022 (idades de referencia de 3 a 12 anos).

Organízase en dúas quincenas, a primeira do 1 ao 15 de xullo e a segunda do 16 ao 31 de xullo (podendo participar nas dúas, ou nunha soa).

Divídese en dúas franxas horarias:

- Bos días!: de 08.00 a 10.00 horas (incorporándose a calquera hora)
- Máis alá!: de 10.00 a 14.30 horas

As actividades a realizar serán as seguintes:

- Un amplo abano de actividades artísticas que potencien a súa creatividade, así como actividades formativas dende unha perspectiva lúdico-educativa.
- Xogos cooperativos e populares.
- Actividades deportivas
- Excursións

3. PRAZAS

O número de prazas é de 130. O Concello reservase o dereito a reducir o número de prazas para programas de inserción social.

4. COTA DE INSCRICIÓN

O prezo por participar, segundo a Ordenanza Fiscal núm. 2 do Concello de Fene, é o seguinte:

- Todo o mes: **68,15 €**
- Todo o mes (2º membro da unidade familiar): **36,70 €**
- Unha quincena: **34,08 €**
- Unha quincena (2º membro da unidade familiar): **18,35 €**

En casos de situación de escasa capacidade económica, as tarifas poderán reducirse no 50% e mesmo acceder gratuitamente a esta actividade nos termos do artigo núm. 4 da Ordenanza Fiscal núm. 2.

5. MATRICULACIÓN PROVISIONAL

Achegar a seguinte documentación para a matrícula provisional:

- 1) FICHA BAREMACIÓN das circunstancias sociais e familiares das persoas solicitantes. Inclúe declaración responsable (con achega de documentación) e autorización expresa para que o Concello comprobe que os/as menores para os que solicita a matrícula provisional están empadroados en Fene como mínimo dende o 30 de abril de 2026.
- 2) FICHA DATOS DO/A PARTICIPANTE (incluídos os datos médicos)
- 3) FOTOGRAFÍA recente (preferiblemente tamaño carné, e co nome do/a neno/a no dorso no caso de entrega presencial da documentación).
- 4) FOTOCOPIA TARXETA SANITARIA (no caso de mutualidades e outros seguros privados, fotocopia da tarxeta sanitaria e do cadro de médicos e de centros de referencia na zona)
- 5) INFORME/XUSTIFICANTE MÉDICO asinado polo facultativo pertinente (só no suposto de que o/a neno precise un tratamento específico ou **teña algunha doenza ou enfermidade que haxa que ter en conta**. De ser o caso, facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo neste documento).

As **datas e medios** para presentar a dita documentación da matrícula provisional serán:

- **Por medios telemáticos**, na sede electrónica municipal (<https://sede.fene.gal/>), desde as **08.00 horas do xoves 28 de maio ata ás 14.00 horas do luns 1 de xuño de 2026**. A documentación incorporada pola sede electrónica deberá ser en formato PDF, e preferiblemente, unida nun único PDF para cada menor a matricular.
- **De maneira presencial**, no departamento de Cultura e Deportes (Avda. Naturais 44, entresollado) do **3 ao 5 de xuño**. Para acollerse a esta modalidade hai que solicitar cita previa os días **27, 28 e 29 de maio de 2026**, en horario de 9.00 a 13.30 horas, no teléfono 981 340 366.

6. MATRÍCULA DEFINITIVA

Antes das **15.00 horas do día 10 de xuño**, publicarase na web municipal a relación de participantes admitidos/as para participar no Verán Máis Alá. No listado incluírase só o número da orde de inscrición que se lle facilite ao efectuar a matrícula ou o número de rexistro de entrada en sede electrónica coas iniciais da persoa admitida.

7. CRITERIOS ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

As persoas que non están empadroadas no Concello de Fene e non estiveran matriculadas no curso académico 2025/2026 en algún dos centros de ensino de Fene, non poderán participar neste programa.

No caso de que haxa máis matrículas provisionais que prazas ofertadas (130), as prazas definitivas adxudicaranse mediante baremo baseado nas circunstancias familiares e laborais das persoas solicitantes.

O persoal técnico do departamento de Cultura procederá á baremación das matrículas provisionais aplicando os seguintes criterios sociais e familiares:

1. SITUACIÓN FAMILIAR	PUNTOS
Participante empadroado no Concello de Fene (autorización expresa)	20,00
Non empadroado , pero matriculado nun centro educativo de Fene no actual curso 2025/2026 (neste caso, deberá constar informe do centro)	2,00
Por cada fillo/a menor de 12 anos (a maiores do/a participante)	2,00
Por cada fillo/a con discapacidade (neste caso, deberá constar informe médico)	4,00

2. SITUACIÓN LABORAL	PUNTOS
A estes efectos, enténdese por situación laboral a falta de dispoñibilidade dos proxenitores ou representantes legais dos/as menores para atender persoalmente aos seus/súas fillos/as, e durante a época que dure o Verán Máis Alá, nos seguintes supostos:	
Familia monoparental ou na que os dous proxenitores estean traballando ou realizando formación regrada para o emprego (achegar documento acreditativo tódolos casos)	10,00
Un dos proxenitores estea traballando e o outro realizando formación regrada para o emprego (achegar documento acreditativo en ámbolos casos)	10,00
Un/unha dos dous ten emprego e o/a outro/a dedícase exclusivamente ás responsabilidades familiares ou é pensionista	5,00

A valoración das circunstancias familiares e laborais efectuarase consonte aos datos facilitados en declaración responsable polos proxenitores/representantes legais dos/as menores, circunstancias que están referidas á data de presentación da declaración responsable. **Xunto coa declaración responsable teñen que achegar documentación acreditativa da situación familiar** (de ser o caso) **e da situación laboral** (cabeceira da última nómina, xustificante de pagamento autónomos

ou certificado de estar traballando) ou de estar realizando formación regrada para o emprego (copia da matrícula ou certificado de estar realizando o curso).

O servizo municipal encargado da valoración non poderá presumir, en ningún caso nin a respecto de ningún solicitante, a concorrencia de circunstancias distintas ás alegadas na declaración responsable asinada polos proxenitores/representantes legais na documentación que achegan. A falla ou defecto na declaración das circunstancias obxecto de valoración, é de exclusiva responsabilidade do/a interesado/a.

En caso de producirse empates na valoración dos/as solicitantes das prazas unha vez aplicados os criterios anteriores; **as prazas adxudicaranse priorizando:**

1º: A quen teña irmáns/ás que solicitan esta mesma actividade.

2º: Por orde alfabética do primeiro apelido do/a solicitante comezando este ano pola letra N.

Aplicados estes criterios, adxudícanse as 130 prazas. As persoas que non obtiveran praza, quedarán en lista de agarda.

8. CONFIRMACIÓN DA MATRÍCULA E PAGAMENTO DA COTA

O prazo para aboar a cota será do 15 ao 19 de xuño, nunha entidade bancaria (Abanca, Caixabank ou Banco Santander) co recibo de autoliquidación (mediante validación mecánica do código de barras, na propia entidade, caixeiros ou banca móbil ou electrónica); **que será posto a disposición dos interesados/as por correo electrónico (confirmando a súa recepción)**. No caso de non ter correo electrónico, deberán indicalo.

O xustificante de pagamento deberá ser gardado pola persoa interesada, xa que pode ser requirido pola administración, no caso de non aparecer na lista de pagos do Verán Máis Alá 2026.

Non facer efectivo o pagamento no prazo sinalado **implica directamente causar baixa na actividade**.

As vacantes que se produzan na fase de matrícula por non presentar a documentación, presentala fóra do prazo establecido, por renuncia expresa á praza ou por non cubrirse as prazas de cada quincena, serán ofrecidas aos/ás solicitantes que figuran na lista de agarda. No caso de que se produzan vacantes, o Concello de Fene contactará, seguindo a orde da listaxe, coas persoas suplentes mediante chamada telefónica. Realizaranse 3 chamadas entre as 9.00 e as 14.00 horas. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte na listaxe de agarda. Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofrecida, deberán presentar a documentación sinalada nun prazo de 24 horas. No caso de non presentar a documentación no prazo indicado, a praza ofertarase á seguinte persoa en lista de agarda.

9. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Unha vez comezada a actividade non se procederá a devolución da cota.

De proceder a devolución da cota por erro, baixa ou outras cuestións, hase rexer polos prazos e procedementos establecidos.

A empresa adxudicataria da prestación deste servizo está obrigada a subscribir pólizas de seguro de accidentes e responsabilidade civil e a aplicar os protocolos hixiénico sanitarios que rexen este tipo de actividades.

A empresa adxudicataria tomará nota, o primeiro día, das persoas indicadas (a maiores do/a responsable que presenta este documento) para recoller aos/as menores, tanto na entrada como na saída do centro.

Haberá unha **reunión previa cos pais/nais/titores dos participantes e coa empresa organizadora da actividade**. Esta reunión terá lugar na **Casa do Concello o xoves 25 de xuño ás 20:30 horas**. É MOI IMPORTANTE A ASISTENCIA.

A formalización da matrícula implica a aceptación explícita das normas que rexen esta actividade e dos cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas.

ANEXOS**1. FICHA BAREMACIÓN**

A CUBRIR EN LETRAS MAIÚSCULAS

Don/Dona _____

PAI/NAI/ TITOR/A do/a menor que se relacionan na Ficha 2.

NIF (pai/nai/titor/a) _____, Data nacemento (pai/nai/titor/a) _____

Domiciliado/a en _____

CP _____, Parroquia _____, Concello _____

Teléfonos de contacto _____

Correo electrónico (para enviar a autoliquidación) _____

No seu propio nome e dereito, con coñecemento dos delitos nos que puidera incorrer por falsidade,**DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE:**1. A súa **situación familiar** é (a cubrir cun "X" segundo corresponda):

SITUACIÓN FAMILIAR	X
Participante empadroado no Concello de Fene (autorización expresa)	
Non empadroado, pero matriculado nun centro educativo de Fene no actual curso 2025/2026 (neste caso, deberá constar informe do centro)	
Fillo/a menor de 12 anos (a maiores do/a participante)	Nº ____
Fillo/a con discapacidade (neste caso, deberá constar informe médico)	Nº ____

2. A súa **situación laboral** é (a cubrir cun "X" segundo corresponda):

SITUACIÓN LABORAL	X
Familia monoparental ou na que os dous proxenitores estean traballando ou realizando formación regrada para o emprego (achegar documento acreditativo en tódolos casos)	
Un dos proxenitores estea traballando e o outro realizando formación regrada para o emprego (achegar documento acreditativo en ámbolos casos)	
Un/unha dos dous ten emprego e o/a outro/a dedícase exclusivamente ás responsabilidades familiares ou é pensionista (achegar documento acreditativo)	

3. A **relación do/a menor e irmáns** para os/as que solicita a inscrición:

NOME E APELIDOS DOS/AS IRMÁNS QUE PARTICIPEN EN VERÁN MÁIS ALÁ	DATA NACEMENTO

4. Si ____ / NON ____ **Autorizo ao persoal técnico do Departamento de Cultura**, encargado das inscricións en Verán máis alá! a **comprobar de oficio** que o/a menor ou menores para o/os que solicitan a inscrición están empadroados no Concello de Fene. En caso negativo da autorización, adxunto volante de empadramento individual do/a menor.

ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA SITUACIÓN FAMILIAR E LABORAL (na situación laboral, marcar só a que se achega, e referida aos dous proxenitores, se é o caso):

- Volante de empadramento do/a participante (anterior ao 2 de maio de 2026).
- Informe do centro educativo de Fene sobre a asistencia ao curso 2025/2026 (no caso de NON empadroado/a no Concello de Fene)
- Informe médico, no caso de fillo/a con discapacidade.
- Cabeceira da última nómina (abril-maio) ou certificado de empresa de estar traballando na actualidade.
- Último xustificante de pagamento de autónomos
- Documentación acreditativa familia monoparental e/ou libro de familia
- Certificado de empresa de estar traballando na actualidade/nomeamento como funcionario/a.
- Copia de matrícula ou certificado de estar realizando cursos de formación regrada

E a maiores: Foto tamaño carné + Fotocopia da tarxeta sanitaria

A formalización da inscrición implica a aceptación implícita das normas que rexen esta actividade e os cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas

2. FICHA DATOS XERAIS DO/A MENOR A MATRICULAR

A CUBRIR EN LETRAS MAIÚSCULAS

Nome e apelidos: _____

Data de nacemento: ____/____/____

Domiciliado/a en _____

CP _____, Parroquia _____, Concello _____

Teléfonos de contacto (das persoa responsables do/a menor) _____

TODO O MES (do 1 ao 31 de xullo de 2026) Bos días! (de 8.00 a 10.00 horas) Máis alá! (de 10.00 a 14.30 horas)**POR QUINCENAS:** (só se pode escoller unha quincena)**1ª Quincena** (1 ao 15 de xullo de 2026) Bos días! (de 8:00 a 10:00 horas) Máis alá! (de 10:00 a 14:30 horas)**2ª Quincena** (16 ao 31 de xullo de 2026) Boas días! (de 8.00 a 10.00 horas) Máis alá! (de 10.00 a 14.30 horas)**INFORMACIÓN DE INTERESE E AUTORIZACIÓNS SOBRE O/A MENOR**

ENFERMIDADES a destacar: _____

INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS/ALERXIAS a destacar _____

NO CASO DE AUTORIZAR A ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS, INDICAR A INFORMACIÓN

(Non se administrará ningún medicamento non prescrito nin autorizado)

AUTORIZO AO MONITORADO A TRASLADAR AO MENOR ANTE UNHA EMERXENCIA (AO CENTRO DE SAÚDE, HOSPITAL OU ATA O SEU DOMICILIO): SI ____ / NON ____

AUTORIZO A SACAR FOTOS DO/A MENOR DURANTE A ACTIVIDADE PARA PUBLICAR NA WEB MUNICIPAL E REDES SOCIAIS: SI ____ / NON ____

AUTORIZO A ENVIARME POR MAIL A CARTA DE AUTOLIQUIDACIÓN: SI ____ / NON ____

Correo electrónico (letra lexible) _____

OUTRAS OBSERVACIÓNS: _____

En Fene, a ____ de ____ de 2026

Sinatura do/a solicitante

Consentimento expreso de inclusión dos datos recollidos nestes formularios nun ficheiro, para o seu tratamento coa finalidade de facilitar a xestión deste procedemento, en cumprimento do disposto na lexislación vixente de protección de datos de carácter persoal. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, mediante escrito dirixido ao Concello de Fene, Praza do alcalde Ramón José Souto González s/n. 15500 Fene. A cumprimentación e sinatura deste documento suporá a prestación do consentimento para dito tratamento.

Fene, 24 de abril de 2026

A alcaldesa

Asdo.: Alejandra Permuy Meizoso

2026/2623